- f) *Documentos que acrediten a solvencia técnica en calquera das formas previstas no artigo 19 a), b), c), d) e e) do Real decreto legislativo 2/2000 de 16 de xuño. Os documentos acreditativos da solvencia técnica terán que se presentar sempre no sobre 1 aínda que documentos similares foran esixidos no sobre 2.*
- g) *Certificado acreditativo de estar en posesión da clasificación seguinte: grupo T, subgrupo 1, categoría D.*
- h) *Nº de fax, telefono e dirección a efectos de notificacións.*

Se as propostas fosen presentadas por estranxeiros ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

000000001) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se indican no anexo I do Real Decreto 390/1996 de 1 de marzo.

b) Os contratistas de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme a lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira e técnica deberán presentar os seguintes documentos:

- *Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto que actúan con habitualidade no tráfico local.*
- *Informe da representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 23-1º do Real Decreto legislativo 2/2000 de 16 de xuño.*
- c) *Declaración de sometemento á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución dos contratos.*

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Especialidades en relación coas unións temporais de empresarios.

- *Cada un dos empresarios que a compoñan deberán acredita-la súa capacidade de obrar e solvencia, conforme ós apartados anteriores.*

- Será necesario presentar o documento acreditativo do nomeamento dun representante ou apoderado único con bastantes facultades para exercer os dereitos e cumpri-las obrigas derivadas do contrato.

- Só no caso de resultar adxudicataria a unión, deberá de acredita-la súa constitución en escritura pública.

Tódolos documentos citados terán que ser orixinais ou fotocopias dilixenciadas notarialmente ou por funcionario público, nas que conste que foron verificadas cos seus orixinais.

10-2- Sobre 2; titulado "Documentación Técnica e oferta económica" conterà o seguinte:

- a) A esixida no prego de condicións técnicas en especial a solicitada na clausula 3.
- b) Oferta económica de acordo co seguinte modelo:

D./Dña. ..., con DNI n en nome propio (ou en representación de), coñecido o "contratación da difusión da actividade e edición de publicacións do departamento de Cultura durante o ano 2004, fai constar:

- a) Que acepta integramente o prego de condicións.
- b) De resultar adxudicatario propón como prezos de adxudicación o de euros

Lugar, data e sinatura do licitador.

XI. APERTURA DE PLICAS.

A apertura de proposicións presentadas terá lugar ás dez trinta horas do primeiro día hábil seguinte ó que remate o prazo de presentación de proposicións, na Casa Consistorial e perante a Mesa de Contratación do Concello de Vigo. Se coincidirse en día non hábil o de apertura de proposicións ou se por causas de forza maior non puidera realizarse, esta terá lugar o primeiro día hábil seguinte.

A Mesa cualificará previamente os documentos presentados en tempo e forma no primeiro sobre, podendo, se observase defectos materiais na documentación presentada, conceder un prazo non superior ós tres días para que o licitador emende o erro, neste caso fixarase nova data para a apertura do sobre que contén a proposición económica unha vez transcorrido o prazo outorgado para a enmenda de erros. Se a documentación fose correcta procederase á apertura do segundo sobre das disposicións admitidas.

XII. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A adxudicación efectuarase tendo en conta los seguintes criterios e ponderacións:

1.- Oferta económica.

As ofertas económicas expresaranse en importes para cada un dos produtos e servicios obxectos do contrato; o deseño gráfico e a produción indícarase en porcentaxe a aplicar a cada produto ou servizo tarifado (tódolos importes incluírán o IVE correspondente).

Outorgarase a máxima puntuación á oferta que supoña unha maior redución no prezo total do contrato. Ás restantes ofertas asígnaselle a puntuación proporcional ó máximo desconto. Ata un máximo de 40 puntos.

2.- Creatividade e deseño gráfico.

Valorarase o deseño gráfico sobre o desenvolvemento das pezas especificadas no apartado c) da base terceira do prego de cláusulas técnicas; considerándose: a estética, a visibilidade e lexibilidade das informacións principais, a adecuación ás características das actividades ou informacións que se difundan e ós

usuarios potenciais, a identificación do Concello de Vigo como promotor das actividades e/ou campañas de difusión a través dunha línea gráfica coherente.

Ata un máximo de 40 puntos.

3.- Melloras.

Valoraranse outras propostas de servicios ou produtos de difusión, debidamente cuantificadas, relacionadas co obxecto do contrato e que o complementen ou melloren.

Ata un máximo de 20 puntos.

XIII.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

A Xunta Local de Goberno declarará, no seu caso, válida a forma de adxudicación do contrato e realizará a adxudicación definitiva fixando o prezo do contrato..

XIV.- GARANTÍAS

Provisional: dispensase a súa presentación.

O licitador que resulte adxudicatario deberá constituír na caixa municipal unha garantía definitiva equivalente ó 4% do prezo do contrato dentro dos quince días seguintes ó da notificación do acordo de adxudicación, en calquera das formas previstas na Lexislación vixente.

XV. SANCIONES.-

Sen prexuízo das sancións que sexan procedentes de acordo coa Lexislación sobre Contratación Administrativa, poderanse impoñer as seguintes sancións:

- Por cada día de atraso na execución do contrato sanción de acordo coa táboa recollida no artigo 95.3 do Real decreto legislativo 2/2000 de 16 de xuño.
- Pola execución defectuosa do contrato, sanción de ata un 10% do prezo de adxudicación.

Corresponderá ó Ilmo. Sr. Alcalde a facultade de impoñer as referidas sancións.

XVII. RESOLUCIÓN DO CONTRATO.-

Ademais das previstas con carácter xeral na Lexislación sobre Contratación Administrativa, será causas de resolución:

- a) O incumprimento por parte do contratista de calquera das condicións establecidas neste prego ou das consignadas especificamente no contrato.
- b) A reincidencia na execución defectuosa do contrato.

XVIII. DEREITO APLICABLE.-

O presente contrato ten a natureza xurídico-administrativa e rexerase polas normas reguladoras do contrato de servicios contidas no Real decreto legislativo 2/2000 de 16 de xuño e no Regulamento Xeral da Lei de contratos de das administracións públicas, polas prescricións do presente prego e polas demais normas de Dereito administrativo de aplicación.

10.(1189)- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE LOITA CONTRA INCENDIOS SUBSCRITO COA EMPRESA SERVICIOS MEDIOAMBIENTAIS FORSAI S.L. EXPTE. 2527/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación do 30.08.04, conformado polo concelleiro de Medio Ambiente e pola interventora xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en resolución de 26-07-2004 acordou adxudicar a Servicios Medioambientais Forsai, S.L. o servizo de colaboración en materia de loita contra incendios por unha cantidade global de 30.050,61 euros.

Na cláusula 5 do prego de condicións que rexeu a contratación establecíase que:

“O contrato comezará o día 15-07-2004 e rematará cando se teña esgotada a partida presupuestaria dispoñible inicialmente (30.050,61 euros), no caso de que se formalice o convenio coa Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia para a participación do concello de Vigo na loita contra incendios forestais a dotación presupuestaria incrementarase e polo tanto continuaría a prestación do contrato ate o remate de esta segunda cantidade, previa a tramitación da correspondente modificación do contrato.

Se a causa do retraso na tramitación do expediente non se poidera adxudicar antes do día 15-07-2004, a data de inicio do contrato sería a do día seguinte a aquel no que e notifique o acordo e adxudicación”

O contrato comenzou o día 01-08-2004.

Asinado xa o citado convenio coa consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción seguinte acordo:

“Modifica-lo contrato de prestación do servizo de colaboración en materia de loita contra incendios suscrito coa empresa Servicos Medioambientais Forsai, S.L por acordo da Xunta de Goberno Local de 26-07-2004, no sentido de incrementa-lo prezo do mesmo en 23.270 euros

O gasto que xenere o expediente poderase imputar a partida 445.0.227.06.01.”

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

11.(1190)- INCLUSIÓN NO INVENTARIO MUNICIPAL DO CÑO. GÁNDARA R-2 NA PARROQUIA DE SAIÁNS. EXPTE. 12006/240.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta de data 13.08.04 emitido polo xefe de Patrimonio e conformado polo xefe de Réxime Interior e máis polo concelleiro delegado de Patrimonio, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar a corrección material dun erro de grafía existente no plano (folla 6-4º) da planimetría de viais do Inventario municipal de Bens e Dereitos, grafiando o ramal 2 do camiño Gándara

2º.- Someter a información pública o presente expediente mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro Oficial de Anuncios deste concello durante o prazo dun mes, entendéndose aprobada definitivamente a presente rectificación de non se presentarse alegacións ó mesmo.

3º.- Dar traslado do presente acordo ó Pleno municipal na rectificación anual do Inventario municipal de Bens e Dereitos.

12.(1191)- PROPOSTA DE DENEGACIÓN DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS NO PARKING DA RÚA VENEZUELA. EXPTE. 17016/240.

Con data 12.08.04 o xefe de Patrimonio, coa conformidade do polo xefe de Réxime Interior e máis do concelleiro-delegado de Patrimonio, a Xunta de Goberno emite o seguinte informe proposta:

“ANTECEDENTES

Mediante escrito con entrada do Rexistro Xeral deste Concello o día 3 de agosto de 2004, a Empresa Conycase, S.L., na súa condición de Concesionaria do servizo público para a explotación dos aparcadoiros subterráneos da Praza de Fernando Católico, rúa Venezuela e rúa Coruña, desta cidade, solicita autorización para a realización das obras no aparcadoiro da rúa Venezuela de acordo coa memoria que achega, solicitude que é consecuencia da intención xa manifestada pola dita concesionaria en data 8 de xullo do presente ano e comunicada a esta administración, de levar a cabo a rehabilitación dos tres aparcadoiros dado o estado de semiabandono nos que ata a dita data se atopaban.

Polos servizos técnicos de Patrimonio emítese informe do arquitecto municipal en data 4 de agosto de 2004 sobre a memoria das obras propostas pola concesionaria na documentación achegada por ista.

Así mesmo a Concellería de Mobilidade e Seguridade, en data 23 de xullo de 2004 emíte informe sobre as medidas de seguridade propostas pola Concesionaria referente á necesidade de peche do aparcadoiro durante a execución das obras proxectadas nun prazo de 45 días

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro.- A entidade de Conycase, S.L. é a actual titular dos dereitos de explotación e xestión dos aparcadoiros subterráneos da praza de Fernando Católico, rúa Venezuela e rúa Coruña, que en réxime de concesión administrativa de servizo público outorgouse por acordo plenario de data 26 de decembro de 1988 e con base ó prego de condicións xurídicas, técnicas e económicas aprobadas polo mesmo órgano o 30 de novembro de 1987 e o 20 de xaneiro de 1988.

Segundo.- En relación á solicitude de autorización de obras formulada pola concesionaria, cabe sinalar o seguinte:

A) O Concello de Vigo, tal e como consta nos antecedentes, ven reiteradamente requirindo á dita concesionari , como así se recoñece por ista, à rehabilitación e reparación dos aparcadoiros subterráneos que en réxime de concesión administrativa xestiona, ante o grave estado de deterioro no que se atopan segundo queda reflectido nos informes técnicos municipais emitidos, e, en concreto, o último do arquitecto de patrimonio do pasado día 12 de maio de 2004 en que se facía unha análise do estado de mantemento e conservación tanto a nivel interior como a nivel exterior dos tres aparcadoiros

(Pr. Fernando Católico, rúa Venezuela e rúa Coruña). Informe do que se deu oportuno traslado á concesionaria outorgándolle ó efecto un prazo para que poidera manifestarse sobre o seu contido .

- B) Que coincidente no tempo coa comunicación do informe das deficiencias anteriormente sinalado, a concesionaria manifestou (en data 8 de xullo) a súa intención de levar a cabo obras de rehabilitación dos aparcadoiros e a necesidade do peche destes durante a súa realización de acordo cun informe de seguridade que adxunta, procedendo posteriormente, a requirimento desta administración para a aportación do correspondente proxecto de obras de rehabilitación, a formular o 3 de agosto, tal e como consta nos antecedentes, solicitude de autorización achegando unha memoria xustificativa das obras a realizar e do plan preventivo de seguridade e saúde. Documentación toda ela, tanto a do 3 de agosto como a do 8 de xullo, que non ven asinada por técnico ningún, nin visada polo correspondente colexio oficial.*
- C) Segundo resulta do informe do arquitecto de Patrimonio, emitido en relación coa documentación presentada, as obras solicitadas circunscribíense unicamente ó pintado de solos, teitos e paredes da rúa Venezuela, que en modo ningún resposta ó manifestado pola propia concesionaria de rehabilitación integral destes, nin da resposta ós graves defectos estruturais e de impermeabilización denunciados nos informes técnicos emitidos, obviando con isto as medidas subsanadoras e de reparación que deberían acometerse pola mesma.*

Neste senso, do sinalado no mentado informe do arquitecto, dedúcese que o procedente sería a execución das obras de rehabilitación en dúas fases, nas que na primeira comprendería aquelas tendentes a obter unha rehabilitación integral da capa de impermeabilización dos aparcadoiros e unha segunda fase de arranxo e remate das obras exteriores xunto con labores de solado e pintado de interiores.

- D) Finalmente resulta de relevancia, pola incidencia que ten na prestación do servizo público, a medida de seguridade proposta pola concesionaria do peche do aparcadoiro durante a realización das obras. Medida que supón unha interrupción na prestación do servizo público por un amplo prazo de tempo de 45 días, que pode reportar importantes problemas no ámbito próximo ó aparcadoiro pola influencia que ten para o tráfico da zona, tal e como se deduce do informe do Xefe da Área de Mobilidade e Seguridade obrante no expediente. En relación a isto sinalar que, non só non consta que o informe de seguridade en que se basea a concesionaria para xustificación da dita medida, fose emitido por técnico competente, senón que non acredita debidamente que ista é a única posible para a execución das obras sen outra alternativa que viabilice un mantemento parcial da prestación do servizo sen afectar á totalidade do aparcadoiro en cuestión.*

Terceiro.- Por todo isto non se estima pertinente, en atención ó obxecto das obras solicitadas, a súa parcialidade en relación ás deficiencias denunciadas nos informes técnicos, como a adopción dunha medida excepcional como é a supresión por un amplo prazo de tempo da prestación do servizo público sen que medie e se acredite debidamente a súa necesidade e da inexistencia doutras menos agresivas para o servizo público acceder ó outorgamento da autorización instada e se pola contra, de conformidade co disposto no prego de condicións administrativas que rexen a concesión de servizo público, dictar as órdes e instrucións pertinentes á concesionaria para que no prazo dun mes presente os correspondentes proxectos de obras de rehabilitación integral dos tres aparcadoiros, elaborados e asinados por técnicos competentes e co correspondente visado do colexio oficial, no que se recollan polo miúdo as obras a realizar para subsanación das deficiencias reflectidas no informe do arquitecto municipal do 12 de maio de 2004 e axustados ós prazos de execución nel previstos, achegando o Plan preventivo de Seguridade e Saúde, coas medidas a adoptar durante a súa execución e xustificación da imposibilidade do mantemento da prestación do servizo público durante istas .

Cuarto.- *Resulta competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127. 1.e) e f) da Lei 7/85 RBRL trala modificación introducida por Lei 57/2003 do 16 de decembro de Medidas para modernización do Goberno Local.*

Por todo lo anteriormente exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- *Denegar a Conycase, S.L. a autorización solicitada en data 3 de agosto de 2004, para a realización de obras de pintado no aparcadoiro da rúa Venezuela así como o seu peche durante o prazo de execución destas , polos motivos que quedan expostos nos antecedentes do presente acordo.*

2º.- *Requirir a Conycase, S.L. para que no prazo dun mes aporte o proxecto de obra de rehabilitación integral dos aparcadoiros subterráneos da Praza de Fernando Católico, rúa Venezuela e rúa Coruña para a subsanación das deficiencias reflectidas no informe do arquitecto municipal do 12 de maio de 2004.*

3º.- *Requirir a Conycase, S.L. para que no prazo de 15 días proceda a adoptar as medidas necesarias para garantir a seguridade das instalacións eliminando os riscos a que fai mención o informe do arquitecto de patrimonio do 12 de maio de 2004.*

4º.- *Apercibir a Conycase, S.L. que o incumplimento do presente acordo dará lugar á incoación do correspondente expediente administrativo para imposición da sancións que procedan, ou no seu caso, a declaración do secuestro ou caducidade da concesión outorgada, por posible incumplimento grave das súas obrigas, de acordo co disposto no prego de condicións xurídicas, técnicas e económicas que a rexen e demais normas de aplicación .”*

A Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o informe proposta transcrito anteriormente.

13.(1192)- RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL SUBSCRITO CON SOLOPLAN S.L. EXPTE. 14369/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o dictame do Consello Consultivo de Galiza de data 28.08.04 e de conformidade co informe proposta de data 08.09.04 emitido polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Resolver o contrato de asistencia técnica para asistencia técnica a revisión, comprobación e actualización do inventario municipal de bens e dereitos e formación do inventario municipal de bens e dereitos e formación do inventario separado do Patrimonio municipal do Solo adxudicado á empresa “SOLOPLAN, S.L.”, por acordo da Comisión Municipal de Goberno de data 21 de decembro de 2001 por incumplimento do prazo contractual polo contratista vulnerado o mesmo ó transcorrer con exceso o 31 de decembro de 2002, data límite que o contratista tiña a obriga de observar conforme ó que resulte do expediente instruído.

2º.- Dispoñer a perda da garantía definitiva constituída, mediante aval da Caixa de Aforros e pensións de Barcelona por importe de 6.010’12 € (Rexistro especial de avaleo nº 9340.03.0352512-19.

3º.- Comunicar ó Rexistro Público de contratos a resolución contractual cumprimentando os datos que para o contrato de servizos se contén no apartado II, nº 19 do Anexo IX ó Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto 1098/2001.

4º.- Todo o anterior de acordo co dictame do Consello Consultivo de Galicia .

5º.- Así mesmo, comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

15.(1193)- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE XARDIÑEIRAS COLGANTES EN ZONAS COMERCIAIS E PEONÍS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1487/104.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta de data 01.09.04 do xefe do negociado de Contratación, conformado pola concelleira delegada de Turismo e máis pola interventora xeral, e visto o informe do xefe do Servizo de Secretaría Xeral de data 07.09.04, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 80.000 euros para a subministración e instalación de xardiñas colgantes en zonas comerciais e peonís do Concello de Vigo que se imputarán á partida 622.0.601.00.00 do orzamento do ano 2004.

2º.- Aprobar o prego de condicións que a seguir se transcribe para a subministración e instalación de xardiñas colgantes en zonas comerciais e peonís do Concello de Vigo.

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS PARA A SUBMINISTRACIÓN E INSTALACION DE XARDIÑEIRAS COLGANTES EN ZONAS COMERCIAIS E PEONIS DO CONCELLO DE VIGO.

I- OBXECTO.-

O contrato ten por obxecto a subministración e instalación de xardiñas colgantes en zonas comerciais e peonís do concello de Vigo.

Como condicións técnicas rexerán as redactadas polo Coordinadora de Turismo e Comercio en data 30-07-2004.

O procedemento de adxudicación será o negociado.

O presente prego regula un contrato de subministración dos previstos no artigo 172 do Real decreto 2/2000 de 16 de xuño.

O contrato inclúe os seguintes produtos e actividades de acordo coa nomenclatura da Clasificación Nacional de Productos por actividades 1996 (CNPA-1996):): 01.12.

II.-PRAZOS.-

A subministración executarase no prazo de 50 días hábiles seguintes a sinatura do contrato.

III.-PREZOS.-

O prezo máximo de licitación establecece en 80.000 euros

Neste prezo consideraranse incluídos tódolos gastos con especial mención do IVE, transporte, entrega nos lugares que se indiquen polo centro xestor do expediente e demais que se indiquen no prego de prescricións técnicas.

O gasto consignarase con cargo á partida 622.0.601.00.000 do presuposto vixente.

IV.-ENTREGA DO MATERIAL.-

4-1.- O material que se entregue haberá de ser da mesma calidade e características que o ofertado.

4-2.- A entrega e instalación do material efectuarase nos lugares que se indiquen polo centro xestor do expediente e sempre dentro do termo municipal de Vigo.

4-3.- As entregas acreditaranse mediante un certificado de recepción, a conformar por representantes da administración e do contratista. Non se considerará debidamente aceptada a entrega de aquel material no que se observara algunha deficiencia, ata que estas non foran arranxadas, procedendo á súa retirada ou a substituílo se fose necesario, todo o cal efectuarase por conta e risco do adxudicatario.

4-4.- As entregas serán parciais durante a execución do contrato.

V.- PRAZO DE GARANTÍA

O prazo mínimo de garantía establecece en un ano.

VI.- GASTOS

O adxudicatario queda obrigado a pagar o importe dos anuncios e cantos gastos se orixinen por mor da formalización do contrato, incluído o IVE.

O gasto máximo dos anuncios de licitación non superará os 600 euros.

VII.- REVISIÓN DE PREZOS

Non se admitirá revisión de prezos.

VIII.- PAGAMENTO.-

O pagamento realizarase, previa presentación da correspondente factura no Rexistro Xeral

En cantos os prazos de pagamento estarase o disposto no artigo 99 do Real decreto legislativo 2/2000 de 16 de xuño.

IX.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

As proposicións presentaranse na oficina do Rexistro Xeral, de 9 a 13 horas, ou por correo na forma legalmente establecida, dentro do prazo que se otorgue nas invitacións para participar na licitación.

X.- LICITADORES

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, nacionais ou estranxeiras que tendo plena capacidade de obrar, non se encontren comprendidas nalgunhas das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas polo Real decreto legislativo 2/2000 de 16 de xuño, Regulamento Xeral da lei de Contratos das administracións Públicas ou por outra disposición aplicable, así como que non formen parte dos órganos de Goberno ou Administración das mesmas, persoas ningunha ás que se refire a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidade do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

XI.- DOCUMENTACIÓN

As propostas presentaranse en dous sobres pechados, que tamén poderán ser lacrados e precintados, que levarán os seguintes datos a) " subministración e instalación de xardiñeiras colgantes en zonas comerciais e peonís do concello de Vigo", b) Nome do contratista, c) lugar, data e sinatura do licitador.

11-1 Sobre 1, titulado "Documentación administrativa", conterá a seguinte:

*a) Documento nacional de identidade da persoa asinante da proposición.
b) Persoas xurídicas: Escritura de constitución ou modificación, se é o caso , inscrita no Rexistro Mercantil.*

c) Escritura de poder se actúa en representación doutra persoa, debidamente bastantada, con anterioridade a data de fin de prazo de presentación de proposicións.

d) Declaración responsable do licitador , co seguinte contido:

- 1.- Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas no artigo 20 do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño.*
- 2.- Estar dado de alta no imposto de actividades económicas cando exerzan actividades suxeitas ó imposto reguladas polo Real Decreto 1175/1990.*
- 3.- Estar ó día nas súas obrigas tributarias co alcance previsto nos artigos 13,15 e 16 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro.*
- 4.- Estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas de Seguridade Social co alcance previsto nos artigos 14,15 e 16 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro.*
- 5.- Non ter débedas de carácter tributario co Concello de Vigo.*

Das circunstancias previstas non números 2,3,4 e 5 deste apartado terá que presenta-lo licitador que vaia resultar adxudicatario as xustificacións acreditativas de tales requisitos, no prazo máximo dos cinco días hábiles seguintes á aquel no que se lle notifique .

e) Documentos que acrediten a solvencia económica e financeira en calquera das formas previstas no artigo 16 do Real decreto legislativo 2/2000 de 16 de xuño.

f) Documentos que acrediten a solvencia técnica en calquera das formas previstas no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2000 de 16 de xuño. Os documentos acreditativos da solvencia técnica terán que se presentar sempre no sobre 1 aínda que documentos similares foran esixidos no sobre 2.

g) N° de fax, telefono e dirección a efectos de notificacións.

Se as propostas fosen presentadas por estranxeiros ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se indican no anexo I do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro.

b) Os contratistas de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme a lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira e técnica deberán presentar os seguintes documentos:

- Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto que actúan habitualmente no tráfico local.

- Informe da representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 23-1º do Real Decreto legislativo 2/2000 de 16 de xuño.

c) Declaración de sometemento á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución dos contratos.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que achegar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Especialidades en relación coas unións temporais de empresarios.

- Cada un dos empresarios que a compoñan deberán acredita-la súa capacidade de obrar e solvencia, conforme ós apartados anteriores.

- Será necesario presentar o documento acreditativo do nomeado dun representante ou apoderado único con bastantes facultades para exercer os dereitos e cumprilas obrigas derivadas do contrato.

- Só no caso de resultar adxudicatario a unión, deberá de acredita-la súa constitución en escritura pública. Non obstante, isto, deberán aportar o acto de licitación o proxecto de estatutos polo que se deberá de rexer a UTE.

Tódolos documentos citados terán que ser orixinais ou fotocopias dilixenciadas notarialmente ou por funcionario público, nas que conste que foron verificadas cos seus orixinais.

11-2- Sobre 2; titulado "Documentación Técnica e oferta económica" conterá a seguinte:

- a) Memoria descriptiva incluíndo as especificacións técnicas das instalacións e plantas propostas.
- b) Calquera outra documentación esixida no prego de cláusulas técnicas.
- c) Cronograma no que se fixen os prazos tanto para a instalación de xardiñeiras e realización da plantación.
- d) Oferta económica que conterá a proposta económica de acordo co seguinte modelo:

"D./Dona., co D.N.I. nº.... en nome propio (ou en representación de...), informado do procedemento negociado para a subministración e instalación de xardiñeiras colgantes en zonas comerciais e peonis do concello de Vigo, manifesta :

- a) Que acepta integramente o Prego de Condicións.
- b) Propón como prezo do contrato o de euros.
- c) Aumenta o prazo e garantía en meses.

Lugar, data e sinatura do licitador.

XII.- APERTURA DE PLICAS.-

A apertura de proposicións presentadas terá lugar ás dez horas trinta minutos do primeiro luns seguinte ó que remate o prazo de presentación de proposicións, na Casa Consistorial e perante a Mesa de Contratación do Concello de Vigo. Se coincidise en día non hábil o de apertura de proposicións ou se por causas de forza maior non puidera celebrarse, esta terá lugar o primeiro día hábil seguinte.

A Mesa cualificará previamente os documentos presentados en tempo e forma no primeiro sobre, podendo, se observase defectos materiais na documentación presentada, conceder un prazo non superior ós tres días para que o licitador emende o erro, neste caso fixarase nova data para a apertura do sobre que contén a proposición económica unha vez transcorrido o prazo outorgado para a corrección de erros. Se a documentación fose correcta ou os erros non foran considerados materiais procederase á apertura do segundo sobre das disposicións admitidas.

XIII.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A negociación do contrato se fará sobre as seguintes cuestións:

- A redución do tipo de licitación.
- A mellor oferta nos prazos de realización dos traballos.
- As mellores características das plantas a subministrar.
- O aumento do prazo de garantía.

XIV.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

O órgano contratante declarará, no seu caso, válida a forma de adxudicación do contrato e realizará a adxudicación definitiva fixando o prezo xusto do contrato, o órgano de contratación poderá adxudicar a subministración a un só adxudicatario.

XV.- GARANTÍAS

Provisional: dispensase a súa presentación.

O licitador que resulte adxudicatario deberá constituír na caixa municipal unha garantía definitiva equivalente ó 4% do prezo do contrato dentro dos quince días seguintes ó da notificación do acordo de adxudicación, en calquera das formas previstas na Lexislación vixente.

XVI.- SANCIÓN.-

Sen perxuízo das sancións que sexan procedentes de acordo coa Lexislación sobre Contratación Administrativa, poderanse impoñer as seguintes sancións:

- Por cada día de atraso na entrega do material, sanción de acordo coa táboa recollida no artigo 95.3 do Real decreto lexislativo 2/2000 de 16 de xuño.

- Por entrega defectuosa do material, sanción de ata un 10% do prezo de adxudicación.

Corresponderá ó Ilmo. Sr. Alcalde a facultade de impoñer as referidas sancións.

XVII.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO.-

Ademais das previstas con carácter xeral na Lexislación sobre Contratación Administrativa, será causas de resolución:

- a) O incumprimento por parte do contratista de calquera das condicións establecidas neste prego ou das consignadas especificamente no contrato.
- b) O atraso na entrega do material ou a non substitución ou reparación dun equipo por un prazo superior a 15 días.
- c) A reincidencia na entrega do material defectuoso.

XVIII.- DEREITO APLICABLE.-

O presente contrato ten a natureza xurídico-administrativa e rexerase polas normas reguladoras do contrato de subministro contidas no Real decreto lexislativo 2/2000 de 16 de xuño e no Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións Públicas, polas prescricións do presente prego e polas demais normas de Dereito administrativo de aplicación.

XIX.- REFERENCIA A MARCAS CONCRETAS

Calquera referencia a marca concreta dentro do Prego de Condicións Técnicas deberá ser entendida como subministración de material de similares características ó da marca citada.

16.(1194)- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE TEIFRO S.L. CONSTITUÍDA PARA RESPONDER DA OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA NA RÚA CHILE Nº 16. EXPTE. 19762/511.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta de data 20.08.03 emitido polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno acorda:

Proceder á devolución da fianza de tres mil euros (3.000 €), a favor de TEIFRO, S.L.

17.(1195)- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE AXARDINAMENTO DO BULEVAR DA GRAN VÍA, TRAMO TARRAGONA E PRAZA DE AMÉRICA. EXPTE. 42256/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro de Montes, do 9.09.04, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar técnicamente o proxecto de axardinamento do Bulevar da Gran Vía, tramo rúa Tarragona- Praza de América, cun presuposto de 90.142,99 € (IVE engadido) e un prazo de execución de dous meses.

18.(1196)- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramentos remitida por Intervención Xeral a Xunta de Goberno, por unanimidade, aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAVOR
AGUIAR CASTRO YOLANDA	0432495	13.500,00	8.912,77	4.587,23	
“	0432519	3.000,00	642,00	2.358,00	
GUARNER GONZALEZ BERTA	0434757	284,40	292,40		8,00
“	0434759	199,12	199,12		
NUÑEZ TORRON LOPEZ JESUS	0424963	300,00	284,06	15,94	
OLIVEIRA LOPEZ IGNACIO	0431062	2.249,80	2.212,80	37,00	
OTERO BARBERENA HENRIQUE	0425343	300,00	300,00		
RODRIGUEZ REY ALBERTO	0414116	1.000,00	981,77	18,23	
“	0428365	235,42	235,42		
“	0428364	171,89	171,89		
RODRIGUEZ SOTELINO ROSA MARIA	0422761	400,00	400,00		
NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAVOR

SANROMAN VARELA MARIA JESUS	0416956	5.500,00	5.269,16	230,84	
SOTELO RODRIGUEZ JOSE	0421473	3.000,00	991,08	2.008,92	
VIEITES ALEN DOLORES	0417381	300,00	34,86	265,14	
TOTAL XUSTIFICADO			20.927,33		

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

19.(1197)- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMÓN LOCAL PARA A NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NOS CONCELLOS. Expte. 386/334.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Normalización Lingüística, do 1.09.04 conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a solicitude dunha subvención á Consellería de Xustiza, Interior e Admón Local por un total de SESENTA E OITO MIL CINCOCENTOS CATORCE CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (68.514,68) euros, conforme co estipulado na Orde do 30 de xullo de 2004, (DOG núm. 161, do 19 de agosto) pola que se regula a concesión de subvencións ós concello de Galicia para a normalización da lingua galega”.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

20(1198).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás once horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez